



Convocada a provisión, polo sistema de libre designación dun posto de traballo vacante neste Centro mediante Resolución do Director Xeral do 27 de xullo de 2011 (Diario Oficial de Galicia nº 174 de 12 de setembro), de conformidade co disposto no artigo 7.2.f) do decreto 361/1998, do 4 de decembro, polo que se aproba o estatuto do CIXTEC e visto o punto quinto da convocatoria citada,

**RESOLVO:**

Primeiro: Adxudicar o posto de traballo ao aspirante indicado:

POSTO	NOME	LOCALIDADE
Xefe de Grupo de Explotación e Implantación	Pilar Ferreiro Castro	Santiago

Segundo: Consonte ó disposto no punto sétimo da convocatoria, o aspirante que obtivo a praza deberá cesar no seu posto de traballo no prazo de tres días a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta resolución no Diario Oficial de Galicia. O prazo para a toma de posesión será de tres días se o destino do novo posto radica na mesma localidade da residencia habitual e de un mes si radica en localidade distinta e supón un cambio efectivo de residencia debidamente xustificada do traballador.

O cómputo de prazos para a toma de posesión iniciarase cando rematen os permisos ou licenzas que, se é o caso, lle fosen concedidas á dita persoa. Nos supostos de baixa temporal ou transitoria iniciarase a partir da correspondente alta.

Terceiro: Esta resolución será recorrible nos termos previstos na Lei 30/1992 do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, podéndose presentar reclamación previa a vía xudicial laboral ante o Director Xeral deste centro no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia.

Cuarto: Publíquese a presente resolución no taboleiro de anuncios do Cixtec e anúnciese no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, a 6 de outubro de 2011

*O Director Xeral do Cixtec*

  
Asdo.: Mauro Fernández Dabduza